



Estimados pais/nais, titores/as legais:

Pola presente comunícase que segundo a Orde do 12 de marzo de 2013 da Consellería de Cultura, Educación e O.U. (DOG do 15 de marzo), pola que se regula o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos, no segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e conforme as modificacións reflectidas na Orde do 18 de decembro de 2020 ,

ÁBRESE O PRAZO PARA A RESERVA DE PRAZA NO IES.

Para os alumnos/as susceptibles de remataren os seus estudos de educación primaria e incorporárense á **ensinanza secundaria**, ábrese o prazo de reserva de praza para o IES Eduardo Pondal, do **11 de xaneiro ao 8 de febreiro**.

Recordade que é posible facer a presentación das solicitudes de reserva a través da aplicación na Sede Electrónica da Xunta de Galicia, por parte das familias:

<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado/PaxinaInicio.action>

O emprego da aplicación **admisionalumnado** é totalmente opcional para as familias. A través desta ferramenta as persoas interesadas poderán cumprimentar as solicitudes de reserva de praza ou de admisión, presentar a solicitude de reserva ou de admisión de forma electrónica, así como consultar o estado de tramitación da súa solicitude.

De todos modos, clicando neste enlace, podedes descargar a instancia, cumprimentala, imprimila e entregala no colexio:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipasforcadas/?q=system/files/ED550A-Galego.pdf>

Ante calquera dúbida, non deixedes de consultala na dirección do centro.

Sen outro particular, reciban un cordial saúdo,

En Corme, a 31 de decembro de 2020.

O Director
Manuel N. Caridad López